

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 22 de agosto de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Antonio Coello Bufil

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezasete de agosto de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcadesa accidental a concelleira Sra. Molares Pérez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro Sr. Coello Bufill, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1013).-PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DO ANO 2005. EXPTE. 29842/512.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 17.08.05, conformado pola directora de ingresos, o interventor accidental e o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro e as operacións realizadas pola Admón de Tributos do Concello para o cálculo da débeda tributaria, cun tipo impositivo aplicable do 0.725%, elaborouse o Padrón Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana do 2005, que consta de 186.040 inscricións cun total de 44.112.124,99 € das que unha vez deducidas 189.122 € correspondentes a 2.056 titulares descoñecidos e 521.448,06 € correspondentes a 554 inscricións que foron motivo de anulación con posterioridade ó peche do padrón e que se xirarán por ingreso directo, elévase o contraído definitivo á cantidade de 42.242.280,08 € co seguinte*

*DETALLE:*

<i>Nº inscricións matrícula .....</i> 186.040	<i>V.Catastral .....</i> 6.543.307.162,39 €
<i>Nº inscricións non suxeitos....</i> - 1.214	<i>V.Catastral .....</i> - 248.264.570,01 €
<i>Nº inscricións exentos .....</i> - 5.152	<i>V.Catastral .....</i> - 211.256.608,18 €

- Exención 100% ..... 578
- Deuda < 7 euros ..... 4.574

TOTAL INSCRIPCIÓN CON COTA .....179.674      V.Catastral ..... 6.083.785.984,20 €

IMPORTE DA COTA ..... 44.112.124,99 €

IMPORTE BONIFICACIÓN .....- 1.159.273,92 €

TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA ..... 42.952.851,07 €

A deducir importe de 2.056 inscripciones  
de titulares "Descoñecidos" ..... - 189.122,93 €

A deducir importe de inscripciones 554  
que "se xirarán por ingreso directo." .... - 521.448,06 €

IMPORTE TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA A CONTRAER ..... 42.242.280,08 €

**IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (IBI)  
ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2.004-2.005**

	2004	2005	VARIACION UNITARIA	VARIACION PORCENTUAL
Nº Total de inscripciones	183.050	186.040	2.990	1.63%
Valor Catastral TOTAL	6.329.438.403,00	6.543.307.162,39	213.868.759,39	3.37%
TOTAL DEBEDA TRIBUTARIA A CONTRAER	40.098.949,00	42.242.280,08	2.143.331,08	5.34%

A vista do informe precedente PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º- "APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA DO ANO 2005 por importe de 42.242.280,08, segundo relación que comeza por COVELO MONTENEGRO CLOTILDE e remata por D. PERFECTO FERNANDEZ TIELAS. "

2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o organo que aproba este acordo ou ben

directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **2(1014).-PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2005. EXPTE. 32953/516.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 17.08.05, conformado pola directora de ingresos, o interventor accidental e o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Segundo o censo de actividades empresariais, profesionais e artísticas elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria remitido a este Concello, a Administración de Tributos municipal mediante aplicación da Instrucción do IAE (Real Decreto Lexislativo 1175/90), da Ordenanza fiscal do Concello, Arts. 79 a 92 da Lei 39/88 Reguladora das Facendas Locais reformada pola Lei 51/2002 de 27 de Decembro de 2002 e restantes normas de aplicación, elaborou o Padrón Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas para este exercicio de 2005.*

O presente padrón fiscal conta con 3.547 inscricións, por un importe total que ascende a 10.041.914,82 euros sendo á cota municipal de 8.795.458,26 Euros. Ademais da cota municipal o Padrón inclúe un recargo provincial do 30%, establecido pola Excm. Deputación de Pontevedra que ascende a un total de 1.246.456,56 - Euros.

### **ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2003-2005**

Ano	Nº inscricións	%Δ	Cota municipal (en miles euros)	%Δ	Cota provincial (en miles euros)	%Δ
2003	3.173	-85.88%	7.570	-49.76%	840	-59.20
2004	3.365	6.05%	7.987	5.50%	1.156	37.61%
2005	3.547	5.41%	8.795	10.11%	1.246	7.78%

A vista do informe precedente PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º "APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2005 por importe total 10.041.914,82 dos cales 8.795.458,26,- Euros corresponden a cota municipal e 1.246.456,56,- euros o Recargo provincial que contén 3.547 inscricións, comezando "1992 TOURON SL" epígrafe 6194. e rematando por ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS epígrafe 822".

2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso de reposición ante o organo que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(1015).-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 23/631, 23/1076, 03/774/301, 03/831/301, 03/1085/301, E 03/1015/301.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Isaura Pérez Álvarez. Expte. 23/631.
- D. Manuel Cao Morán. Expte. 23/1076.
- D. Alfonso López Castro. Expte. 03/774/301.
- D<sup>a</sup>. Adelina Pilar Alvarez Alvarez. Expte. 03/1015/301.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen García Alvarez. Expte. 03/831/301.
- D<sup>a</sup>. Esperanza González Aparicio. Expte. 03/1085/301.

#### **4(1016).-SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “X TROFEO CICLISTA FESTAS DE VIGO” NO BARRIO DO MEIXOEIRO, O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 5467/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.08.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao club ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro día 27 de agosto de 2005 a proba deportiva denominada “X Trofeo Ciclista Festas de Vigo” que desenvolverá no barrio do Meixoeiro nun circuíto formado polas rúas avda. de Madrid Vella, cño. Tixelo, cño. Meixoeiro, rúa Fontiñas a partir das 17:30 h.

#### **5(1017).-SOLICITUDE DO CLUB PRADO SURF DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “V OPEN DE SKATE CIDADE DE VIGO O MARISQUIÑO” NA PISTA DE PATINAXE DE SAMIL, OS VINDEIROS DÍAS 27 E 28 DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 5468/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.08.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o o club Prado Surf a:

1º.- Organizar os vindeiros días 27 e 28 de agosto de 2005 a proba deportiva denominada “V Open de Skate Cidade de Vigo O Marisquiño” que se desenvolverá na pista de patinaxe de Samil, en horario de mañá tarde.

2º.- Organizar exhibicións de BMX, Breakdance e Graffiti como complemento a actividade deportiva.

3º.- Organizar dende o día 23 o 26 unha escola deportiva de balde para a difusión do skate entre nenos e nenas interesados, na mesma pista de patinaxe de Samil.

4º.- Celebrar a fin de festa da actividade no mesmo lugar o día 28 o rematar a competición.

5º.- O club Prado Surf deberá cumprir as condicións do departamento de Montes, Parques e Xardíns.

6º.- O club Prado Surf deberá ter un seguro de Responsabilidade Civil e Accidentes que cubra calquera accidente que poidan ter os participantes da escola deportiva de skate e os das demais probas e exhibicións do evento.

**6(1018).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DAS “VII XORNADAS DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAIS GALEGAS” DURANTE O EXERCICIO 2005. EXPTE. 1636/335**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12.08.05 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 8.08.05, conformado polo concelleiro de dito servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc, para a coorganización das “VII Xornadas de Música e Danza tradicionais galegas”.

2º.- Aprobar as bases das citadas xornadas e que figuran como anexo I do citado convenio.

3º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

4º.- Autorizar un gasto por un importe total de 18.000.-€, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para facer fronte ao estipulado no convenio e que se aboará á asociación cultural “Interfolc”, CIF G-36892271.

5º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.”

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A COORGANIZACIÓN DAS  
VII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS °GALEGAS*

Vigo, xxxxxx de xxxxxx de dous mil cinco.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. EMILIO SOTELINO DOMARCO, NIF 35.940.889-P, PRESIDENTE e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF G-36892271, e con enderezo en Vigo, rúa Tomás A. Alonso, núm 29, 5º esquerda, CP 36208; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

- 1. Que no ano 1999 as asociacións folclóricas fundadoras da Asociación Cultural Interfolc trasladaron ao Concello de Vigo o seu interese en organizar e recuperar as “Xornadas de danza e música tradicionais galegas”, que se viñan realizando na cidade de Santiago de Compostela, baseándose na importancia da nosa cidade no terreo do folclore popular e tendo en conta que aglutina a un elevado número de grupos en constante desenvolvemento.*
- 2. Que o Concello de Vigo está interesado en potenciar o folclore popular entre todas e todos os seus cidadáns, mediante programacións que contribúan ao seu desenvolvemento, tanto no centro da cidade como polos seus distintos barrios.*
- 3. Que as xornadas veñen tendo lugar dende o ano 1999 con enorme éxito, tanto dende o punto de vista organizativo como de participación de grupos de toda Galicia.*

*Dado o enorme interese do anteriormente exposto, o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é formalizar a relación entre o Concello de Vigo e maila Asociación Cultural Interfolc para a coorganización das VII Xornadas de danza e música tradicionais galegas, que se desenvolverán os días 5, 6 e 20 de novembro, a partir das 20'00 horas, no Centro Cultural Caixanova. Así mesmo, terá lugar previamente un festival a modo de presentación das xornadas no que tomarán parte as entidades agrupación folclórica “Lembranzas Galegas”, asociación folclórica “Corisco”, e a Escola Municipal de Danza, o día 30 de outubro, ás 20'00 horas, no citado centro cultural.*

*SEGUNDA.- O orzamento xeral da programación, organización e execución deste convenio con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle presentado pola ENTIDADE, e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un total de 18.000.-€, que serán aplicados á partida 451.2.227.06.02 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*

*TERCEIRA.- Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do recinto do Centro Cultural Caixanova, para o que A ENTIDADE realizará as oportunas invitacións; o fórmula para o seu reparto decidírase de mutuo acordo.*

*CUARTA.- As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:*

- 1. Ocuparse de todo o referente á organización, realización e execución das xornadas.*
- 2. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes nas xornadas, así como da selección das 12 agrupacións de entre todas as solicitudes de inscrición recibidas.*
- 3. Contratar ao seu cargo todos os elementos necesarios para o desenvolvemento das xornadas: material gráfico, diplomas e medallas.... De todos modos, deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural antes da súa edición definitiva.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento das xornadas.*
- 5. Asumir todos os gastos que se deriven da programación, realización e execución das xornadas, incluídos os referentes aos dereitos de autor, seguros de responsabilidade civil e calquera outro necesario para o seu bo desenvolvemento. Así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos ás agrupacións participantes, segundo o estipulado nas bases de inscrición en concepto de premios e de gastos de transporte.*

*Presentar a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos quince días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

- 6. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.*
- 7. Incluír o logotipo do Concello de Vigo, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural en calidade de patrocinador en todo o material gráfico que se realice para as xornadas, así como en toda a difusión aos medios de comunicación que delas se realice. A presentación oficial das xornadas xestionaraa a citada concellería.*

*SEXTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:*

- 1. Achegar a cantidade total de 18.000.-€, para a organización e realización das xornadas.*
- 2. Xestionar a reserva do Centro Cultural Caixanova para a realización das xornadas e do festival inaugural, nas datas indicadas.*

*SÉTIMA.- As xornadas rexeranse polas bases de participación que se acompañan como anexo I do presente convenio.*

*OITAVA.-O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.*

NOVENA.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento de 12.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0100 01 0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 4 de novembro, trala conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.
2. Un segundo e derradeiro pagamento por un importe de 6.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, nos quince días hábiles seguintes á finalización das xornadas, trala conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ao seu desenvolvemento xeral e á acreditación mediante facturas orixinais de incorrer na totalidade dos gastos que conforman o orzamento que figura como anexo II do convenio.

En caso de que acontecese algún tipo de incidencia no referente ás obrigas da ENTIDADE, o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo a súa repercusión.

DÉCIMA.- Toda a información sobre as xornadas, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2005. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles incidencias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bo desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

#### ANEXO I

##### BASES

##### “ VII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS ”

1. A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo organiza, en colaboración coa ASOCIACIÓN CULTURAL “INTERFOLC”, as “VII Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas”, que terán lugar no teatro-sala de concertos do Centro Cultural Caixanova, os días 5, 6 e 20 de novembro, a partir das 20'00 horas. O acto de presentación será o domingo 30 de outubro as 20,00 horas no antedito teatro.
2. Nestas xornadas poderán inscribirse todas aquelas agrupacións de danza e música galegas que o desexen e que pertencen a unha entidade legalmente constituída, sen ánimo de lucro. O grupo terá obrigatoriamente un mínimo de seis parellas mixtas no escenario, e os seus compoñentes deberán ser maiores de 15 anos. Neste sentido o xurado poderá requirir a presentación dalgún documento de identificación de calquera das persoas participantes.



3. *A solicitude de inscrición poder realizarse ata as 13.30 horas do da 21 de outubro; cubrindo o impreso que podern solicitar na Oficina de Informacin do Concello de Vigo, en horario de 09,00 a 13,30 de luns a sabado, ou a travs da web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) . As solicitudes tern que entregarse no Rexistro Municipal do Concello de Vigo, praza do Rei, s/n; CP 36202; ou a travs do fax: 986.22.16.66. Non se admitir ningunha solicitude que se reciba con posterioridade  hora e data indicadas, calquera que sexa o motivo do atraso.*
4. *O comit organizador das xornadas seleccionar entre todas as solicitudes recibidas un total de 12 agrupacins; teranse en conta os seguintes criterios: calidade do grupo, experiencia nacional e internacional, participacin noutros certames ou festivais, premios obtidos, nmero de compontes... O da 5 de novembro actuarn seis agrupacins e o 6 outras seis. O da 20 ter lugar a final das xornadas.*
5. *As agrupacins participantes comporanse necesariamente de corpo de baile e grupo de acompaamento, e vestirn todos eles o traxe rexional. Ningn bailarn ou grupo de acompaamento poder tomar parte nas xornadas con mis dunha agrupacin; este ser motivo de descualificacin para as agrupacins implicadas.*
6. *Cada agrupacin seleccionada bailar das danzas, cunha duracin mxima de 5 minutos cada unha delas, e que debern indicar no impreso de solicitude de inscricin, xunto co seu historial completo e detallado; non podern ser cambiadas sen consentimento do comit organizador. As agrupacins que se clasifiquen para a fase final debern cambiar unha das pezas obrigatoriamente.*
7. *A orde de actuacin das doce agrupacins seleccionadas decidirase mediante sorteo pblico ( ao que poder asistir un representante por cada grupo) que se realizar o mrcoles 26 de outubro, s 12'00 horas, na Casa do Concello.*
8. *O xurado das xornadas ser designado polo comit organizador e estar presidido polo concelleiro de Festas e Animacin Sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue. Como vocais actuarn catro persoas de reconecido prestixio, relacionadas co mundo da danza e da msica tradicionais galegas. Como secretario/a actuar un/unha funcionario/a municipal designado/a polo comit organizador, con voz e sen voto.*
9. *O xurado valor de 0 a 10 puntos a cada agrupacin, e ter como base fundamental os seguintes criterios: calidade artstica dos bailarns, grao de dificultade e autenticidade das danzas interpretadas e do vestiario utilizado, valor interpretativo do grupo de acompaamento. Ser motivo de descualificacin excederse dos cinco minutos establecidos para cada danza na base nmero 6.*
10. *O veredicto do xurado farase pblico ao remate da segunda xornada, e pasarn  fase final as seis agrupacins que obtenan maior puntuacin e que volvern actuar con das danzas, o da 20 de novembro, e seguirn rigorosamente a orde inicial. En caso de empate resolver o voto de calidade da presidencia do xurado.*
11. *Os premios establecidos polo comit organizador son os seguintes:*
  - 1 premio: 1.500.-, medalla e diploma.*
  - 2 premio: 900.-, medalla e diploma.*
  - 3 premio: 600.-, medalla e diploma.*
  - 4 premio: 300.-, e diploma*
  - 5 e 6 premio: diploma.*
  - Premio especial de 150.-, e diploma ao mellor bailarn.*
  - Premio especial de 150.-, e diploma ao mellor bailarina.*
  - Premio especial de 180.-, ao mellor grupo de acompaamento.*

*Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que sexa de aplicación. O comité organizador aboaraos, mediante transferencia bancaria, nos quince días hábiles seguintes á final das xornadas, así como os gastos de desprazamento. Co obxecto de realizar estes pagamentos, as agrupacións deberán achegar obrigatoriamente á solicitude de inscrición, unha fotocopia compulsada do CIF e unha certificación bancaria.*

12. *O veredicto final do xurado farase público tras a actuación das seis agrupacións finalistas e da correspondente deliberación. A continuación entregaranse os premios.*
13. *O comité organizador aboaralle a cada agrupación participante de fóra do termo municipal de Vigo a cantidade de 240.-€, en concepto de gastos de desprazamento, e 120.-€, no caso das agrupacións da cidade. Así mesmo, aboaráselles estas mesmas cantidades de novo aos seis finalistas.*
14. *A organización das xornadas declina calquera responsabilidade sobre os posibles accidentes ou danos que os participantes poidan sufrir durante a súa participación.*
15. *A mera solicitude de inscrición nas xornadas supón a aceptación plena das presentes bases. Así mesmo, os veredictos do xurado serán inapelables.*
16. *O comité organizador e o xurado quedan facultados para resolver as posibles controversias ou dúbidas que poidan xurdir na interpretación das presentes bases, así como para tomar iniciativas que contribúan ao bo desenvolvemento das xornadas.*
17. *Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral. O acceso o teatro-sala de concertos Caixanova será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do recinto do Centro Cultural Caixanova, para o que se realizarán as oportunas invitacións. Cada grupo participante poderá dispoñer de un máximo de 40 invitacións por día de actuación. O resto das invitacións ata completar o aforo (ata un máximo de dúas por persoa e día) recolleranse na Concellería de Festas e Animación Sociocultural entre os días 31 de outubro e o 4 de novembro para as probas eliminatorias; e entre o 14 ao 18 de novembro para a final das xornadas .*

#### **7(1019).-NORMAS PARA A MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA NO CURSO 2005-6. EXPTE. 1637/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 12.08.05 e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 8.08.05, conformado polo concelleiro de dito servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as normas e a oferta de prazas para a matrícula nas ensinanzas na Escola Municipal de Danza no curso 2005-06, que de seguido se transcriben.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para resolver as solicitudes de inscrición e as posibles modificacións que se precisen nas seccións da Escola Municipal de Danza.

## OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO 2005-2006

A Escola Municipal de Danza impartirá ensinanzas de danza popular da tradición galega, dirixida a afeccionados sen limitación de idade.

### 1.- ÁMBITO FORMATIVO "MÚSICA E MOVEMENTO".

Está dirixido aos alumnos de catro a sete anos. O ensino integrado de música e movemento realizarase en grupo e organizarase en dous niveis de dous cursos de duración cada un deles.

- ❑ 4-5 ANOS (Nacidos en 2001 e 2000).  
NIVEL DE "INICIACIÓN".  
NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 12 alumnos/grupo.  
NÚMERO DE GRUPOS NO NIVEL.- 3 grupos.  
NÚMERO DE ALUMNOS.- 36 alumnos.  
HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.  
Grupo 1.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.  
Grupo 2.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.  
Grupo 3.- MÉRCORES; de 17,30 a 19,00 horas.
- ❑ 6-7 ANOS (Nacidos en 1999 e 1998).  
NIVEL DE "FORMACIÓN BÁSICA".  
NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 15 alumnos/grupo.  
NÚMERO DE GRUPOS POR NIVEL.- 2 grupos, como máximo.  
NÚMERO DE ALUMNOS.- 30 alumnos.  
HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.  
Grupo 1.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.  
Grupo 2.- VENRES; de 18,30 a 20,00 horas.

### 2.- ÁMBITO FORMATIVO DE "DANZA".

Ensinanzas dirixidas a alumnos que teñan, como mínimo, 8 anos de idade. Para estas ensinanzas non se establece límite máximo de idade.

O agrupamento do alumnado farase en función das idades correspondentes ós ciclos do ensino obrigatorio (8-9,10-11,12-13,14-15 anos); para cada ciclo determínanse dous cursos.

A partir dos 16 anos o agrupamento do alumnado queda a criterio da dirección da Escola Municipal de Danza.

- ❑ 8-15 ANOS (Nacidos entre 1997 e 1990).  
NIVEIS "DANZA PARA ESCOLARES".  
NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.  
NIVEIS.- a) 8-9 anos; b) 10-11 anos; c) 12-13 anos; d) 14-15 anos.  
NÚMERO DE GRUPOS.- 5 grupos.  
NÚMERO DE ALUMNOS.- 100 alumnos.  
HORARIO.- Duas sesións semanais de 60 minutos para cada grupo.  
Grupo 1 (8-9 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.  
Grupo 1 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.  
Grupo 2 (10-11 anos).- MARTES e XOVES de 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (12-13 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

Grupo 1 (14-15 anos).- LUNS E MÉRCORES DE 19,00 a 20,00 horas.

- MÁIS DE 16 ANOS, SEN LÍMITE DE IDADE (Nacidos en 1989 ou antes).  
NIVEIS DE "DANZA XUVENIL E DE ADULTOS".

*CURSOS.- Cada nivel desenvolverá o 1º curso e o 2º curso. Cada curso poderá incluír só alumnos da mesma idade ou ben alumnos de distinta idade.*

*NÚMERO DE ALUMNOS/GRUPO.- Máximo de 20 alumnos/grupo.*

*NÚMERO DE GRUPOS.- 5 grupos no nivel de "Danza xuvenil e de adultos".*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- 100 alumnos.*

*HORARIO.- Duas sesións semanais de unha hora cada unha.*

*Grupo 1.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.*

*Grupo 2.- LUNS E MÉRCORES DE 20,00 a 21,00 horas.*

*Grupo 3.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.*

*Grupo 4.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.*

*Grupo 5.- LUNS E MÉRCORES DE 21,00 a 22,00 horas.*

### 3.- ÁMBITO FORMATIVO "INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN".

*Grupo de ensinanzas de instrumentos vencellados á danza tradicional galega.*

*NÚMERO DE GRUPOS.- 3 grupos.*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- 45 alumnos.*

*HORARIO.- Unha sesión semanal de unha hora cada unha.*

*Grupo 1A.- XOVES DE 20,00 A 21,00 horas. INICIACIÓN.*

*Grupo 1B.- XOVES DE 21,00 A 22,00 horas. PERFECCIONAMENTO.*

*Grupo 1C.- XOVES DE 18,00 A 19 horas. INICIACIÓN.*

### 4.-GRUPOS DE AMPLIACIÓN.-

*Hai unha reserva de dous grupos para ampliar no nivel que se precise en función da demanda. O número de alumnos: 40 como máximo. Horario: pendente determinar.*

## SECCIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

- 4-7 ANOS (Nacidos entre 2001 e 1998)

ÁMBITO FORMATIVO "MÚSICA E MOVEMENTO".

*NÚMERO DE GRUPOS.- 7 grupos.*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- Máximo de 15 alumnos/grupo.*

*Total: 105 alumnos.*

*Mínimo de 8 alumnos/grupo.*

*HORARIO.- Unha sesión semanal de 90 minutos para cada grupo.*

- Máis de 8 ANOS (Nacidos en 1997 ou antes)

ÁMBITO FORMATIVO "DANZA PARA ESCOLARES".

*NÚMERO DE GRUPOS.- 7 grupos.*

*NÚMERO DE ALUMNOS.- Máximo de 20 alumnos/grupo.*

*Total: 140 alumnos.*

*Mínimo de 12 alumnos/grupo.*

*HORARIO.- Unha sesión semanal de 120 minutos para cada grupo.*

### LUGARES DE ENSEÑANZAS.-

As seccións do curso 04-05 foron: SEIS DO NADAL-COIA; CEIP FRIÁN-TEIS; E CEIP DOBLADA. Estas seccións poderían modificarse, a proposta da dirección da EMD, no caso en que non se cubrisen os mínimos de matrícula establecidos, polo que o Concello podería asignarlles aos solicitantes outro centro, en función da proximidade do domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lles corresponda.

## NORMAS PARA A MATRÍCULA DO CURSO 2005-2006

### 1. REQUISITOS PARA MATRICULARSE NA EMD

- a) As persoas beneficiarias das ensinanzas de danza tradicional galega impartidas pola EMD estarán empadroadas no Concello de Vigo. Quen non estivo matriculado no curso anterior, deberá acreditarlo mediante VOLANTE DE EMPADROAMENTO, que solicitará no servizo de Estatística do Concello de Vigo e que entregará antes de finalizar o prazo de solicitude de inscrición. No caso do alumnado matriculado no curso anterior non será necesario.
- b) O alumnado poderá asistir ás clases da EMD nas DEPENDENCIAS CENTRAIS (na Casa do Concello-praza do Rei) ou nas SECCIÓNS. Quen solicite praza nas seccións asistirá ás clases no centro que se lle indique en función da proximidade do seu domicilio ou da dispoñibilidade de prazas para o nivel que lle corresponde pola súa idade.
- c) Para asistir ás clases aboarase con anterioridade o importe de matrícula correspondente.

### 2. PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA INSCRICIÓN NA EMD

Todas as solicitudes de ensinanzas na Escola Municipal de Danza presentaranse, en impreso normalizado, nas dependencias da escola situada no soto primeiro do Concello, de luns a venres, de 9 a 13 horas, e os xoves de 17 a 19 horas.

O prazo de solicitude irá dende o día 5 ao 30 de setembro de 2005.

### 3. CRITERIOS DE ADMISIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

Os criterios para a admisión do alumnado da EMD serán o cumprimento das presentes normas e a dispoñibilidade de prazas no grupo correspondente.

As prazas da EMD son limitadas.

### 4. PAGAMENTO DE MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará o pagamento da matrícula entre os días 3 e 7 de outubro, ambos inclusive. Quen non formalice a matrícula ou non teña aboado o seu importe dentro do prazo establecido poderá perder a súa praza unha vez iniciado o curso.

### 5. PREZO DA MATRÍCULA

DANZA DE 4 A 7 ANOS:	18.-€ curso completo (1,30 h semanal)
RESTANTES CURSOS DE DANZA:	24.-€ curso completo (2 h semanais)
PERCUSIÓN:	12.-€ curso completo (1 h semanal)

## 6. CALENDARIO DO CURSO NA EMD

O curso iniciárase o día 10 de outubro de 2005 e rematará o 23 de xuño de 2006; dentro deste período o calendario axustarase ás xornadas festivas e de vacacións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para centros educativos non universitarios.

O primeiro día de clase, o alumnado presentará unha fotografía de tamaño "carné".

## 7. GRUPOS E HORARIOS.

Na Escola Central o horario de ensinanzas será entre as 17,00 h e as 22,00 h de luns a venres.

Nas seccións os horarios definitivos fixaranse en canto se dispoña da matrícula mínima.

A oferta total da Escola Municipal de Danza é de 34 grupos para varios niveis de formación (inicialmente, 20 para a Escola Central e 14 para as seccións).

A dirección da escola, en función da demanda, proporá a adscrición do alumnado aos grupos ata que estes se completen. Procurarase a homoxeneidade dos niveis, polo que pode, antes do comezo do curso, modificarse o número de grupos dos distintos ámbitos formativos ou niveis e tamén dos horarios para atender adecuadamente a demanda.

## **8(1020).-CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DA CONCELLERÍA DA MULLER DO ANO 2005. EXPTE. 2087/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 19.07.05, conformado pola concelleira de dito servizo, o asesor xurídico, a Excm. Alcaldesa e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local, acorda:

1º.- Aprobar a concesión das seguintes solicitudes de subvención, polos conceptos e contías que se indican, remitíndo a cada entidade beneficiaria un resumo das base 7ª, 8ª, 9ª e 10ª, que indican as obrigas que han de reunir as entidades beneficiarias durante todo o proceso e que de seguido dín:

*SÉPTIMA.- Tramitación, procedemento de concesión e xestión das subvencións.*

. 8.- Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización.
- Data de inauguración e/ou clausura do evento.
- Sempre que fose posible, deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller, se non presentárase para a conformidade de acordo co previsto no apartado i) da cláusula oitava destas mesmas bases. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.

9.- A Concellaría da muller poderá solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposto na resolución definitiva sexa inferior ao 25% do importe solicitado. A reformulación deberá respectar o obxecto, condicións, finalidade e criterios de valoración da convocatoria.

OITAVA.-Obrigas:

*Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:*

- a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
- c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autora e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención*
- e) Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.*
- f) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.*
- g) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.*
- h) Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a*

*Concellaría da Muller, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

- i) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, farase constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría da Muller, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.*
- j) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría da Muller estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*NOVENA.- Compatibilidade.*

*A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.*

*DÉCIMA.- Pagamento e xustificación.*

*1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral, antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico, da seguinte documentación xustificativa:*

- a) Breve memoria de avaliación da actividade ou programa subvencionado asinada polas persoas responsables da actividade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
  - Explicación do desenvolvemento da actividade.
  - Memoria de prensa: folletos, impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.
  - Relación de ingresos e gastos: detalle dos gastos e das contías ingresadas por todos os conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención, contías das subvencións recibidas de institucións, achegas económicas doutros patrocinadores, ingresos diversos, contías e procedencia.
  - Se a actividade desenvolvida fose un curso ou un servizo facilitarase unha relación co nome do alumnado participante.
  - Outros datos que a xuízo do departamento da muller sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e o “III plan municipal de igualdade” .

b) Facturas orixinais polo importe subvencionado. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo artigo 6 do R.D. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais. As facturas presentadas terán que estar emitidas a nome da entidade perceptora da subvención, reflexando de forma expresa que o seu pago foi efectuado, e en todos elas deberá figurar o “conforme” do/a presidente/a da entidade así como:

- .- Nome ou razón social do provedor, co sue NIF ou CIF correspondente
- .- Importe da factura e Ive no seu caso
- .- Identificación completa de quen aboa o importe
- .- Descrición suficiente da subministración ou servizo
- .- Numero e data da factura

c) Copias das liquidacións dos IRPF que legalmente correspondan.

2.- Procederá por razóns xustificadas, ó dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas pola entidade beneficiaria.

A resolución da redución das axudas será competencia da Concellaría da Muller. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

3.-No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellaría de Muller, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán á máis dun proxecto.

Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.



Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases
- b) ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe
- c) ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.

En calquer caso, será a Concellaría da Muller quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria xustifique gasto inferior ao 50% do importe subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

### RELACIÓN DE ASOCIACIÓNS

#### ASOCIACION MULLERES e PROXECTOS

Asociación	CIF	€ Solicitan	Contía concedida
Lúa de Bembrive Técnicas de relaxación 4.200,00	G36662971	3.450,00	1.000,00
Empresarias da Provincia de Pontevedra Xornadas fomento asociacionismo empresarial 3.294,40 Asistencia a congresos 8.781,20	G36710234	8.294,40	2.000,00
Colectivo Violeta Exposición pintura e fotografía 350,00 Exp. Fotos dixitais MMM de maio/04 230,00	G36866234	580,00	580,00
Concepción Arenal A igualdade desde a formación 4.000,00	G36708139	4.000,00	1.000,00
Progresistas de Vigo Premio novela mulleres progresitas 4.530,00	G36657336	4.530,00	1.500,00
Dorna Taller risaterapia, A axuda da risa 1.800,00	G36619468	1.680,00	1.000,00
Coord.Na.Galega Marcha Mundial das Mulleres Carta Mundial mulleres para a humanidade e colcha da solidaridade 33.0140,00	G15773013	15.000,00	2.000,00
Mulleres Monitoras Ampliación formación de monitoras 3.600,00	G36777613	3.600,00	600,00
Gpo.Estudios s/ a condición da muller "Alecrín" Actividades culturais cine-lectura 12.577,91 Elaboración e difusión folletos informativos sobre a asociación 1.800,00 Campaña sensib. s/violencia contra as mulleres a través do bus urbano 9.000,00	G36633154	23.377,91	3000,00 Concédesese para o desenvolvemento do proxecto "Actividades culturais cine-lectura"

Asociación	CIF	€ Solicitan	Contía concedida
Cabral "Rosalia de Castro" Ximnasia 900,00 Encaixe e palillos 600,00 Labores de fogar 600,00 Manualidades 500,00 Pintura popular 500,00	G36688992	3.100,00	1.500,00
Rede Mulleres Veciñais Contra Os Malos Tratos Extratexias físicas e psicolóxicas de defensa e autoprotección 2.865,00	G36328646	2.865,00	1.500,00
Asociación de Mulleres de Bouzas Risoterapia 1.600,00	G36805851	800,00	800,00
Adiquerando Día internacional gitano 1.360,00	G36903177	600,00	600,00
Mulheres Nacionalistas Galegas Feminismo e laicismo 3.517,50 Obradoiro: Xénero e comunicación 735,00 Exposición: Feminismo e laicismo 3.045,00 Novas tecn.inform. e comunicación 3.570,00	G36767119	10.867,50	1.500,00

#### SECRETARIAS DA MULLER

Confederación Intersindical Galega CIG Normativa laboral, ferramenta de Igualdade 3.368,00 Encontro Sindical CIG, UGT e CCOO 6.343,33	G36706927	3.368,00	5.012,00
Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT X Encoro sindical da muller "A muller na negociación colectiva" 6.344,00 Muller e publicidade 1.800,00 A linguaxe non sexista 1.800,00 Encontro Sindical CIG, UGT e CCOO 6.343,33	G15383011	9.944,00	5.012,00
CC. OO. Unión Comarcal de Vigo Combater a violencia de xénero 952,07 Prostitución na sociedade actual 1.053,86 Internet ferramenta de futura 601,37 Encontro Sindical CIG, UGT e CCOO 6.343,33	G15103112	8.959,63	5.012,00

#### VOCALÍAS DA MULLER FEDERADAS

A.V. da Salgueira Rosalía de Castro Relaxación 1.450,00	G36644904	725,00	725,00
F AA VV Eduardo Chao	G36681708	2.500,00	1.500,00

Conf-For	2.900,00			
Asociación		CIF	€ Solicitan	Contía concedida
A V de Coia Camiño Vello Xanela II	3.300,00	G36648186	2.500,00	1.000,00
A V C D Monte da Mina de Castrelos Traballos de docoración floral	2.255,00	G36623593	2.255,00	600,00
A V C D San Miguel de Oia Actividades para a integración social das mulleres	31.000,00	G36648640	4.000,00	1.000,00
A VV Teis Teis en forma	1.708,00	G36646545	1.500,00	1.000,00
A VV de Beade Reciclaxe xeral	2.656,00	G36632081	2.000,00	1.500,00
A VV Agarimo San Xoan Poulo Ximnasia mantemento para saúde Curso de ioga	1.050,00 1.000,00	G36641355	2.050,00	1.000,00
A V Outeiro Formación cultural e comunicació	1.320,00	G36658854	2.183,00	1.500,00
A V C Casco Vello Iniciación á informática	791,70	G36645885	691,70	691,00
C R A C de Coruxo Taichi-Chinkun	1.569,00	G36627495	1.569,00	1.000,00
A V Doutor Fleming Navegación na rede	1.350,00	G36709004	1.260,00	1.260,00
A V C D Consumidores e Usuarios de Lavadores Historia fiminina de Lavadores	2.541,00	G36633618	2.431,00	1.000,00
A V C D San Xurxo de Saians Vigo A muller e as novas tecnoloxías	3.340,00	G36648988	2.740,00	1.500,00
A V C D Val do Fragoso Mes cultural da muller	2.850,00	G36640860	2.250,00	1.000,00
U V C D de Candeán Ayurveda: O coidado holístico da Saude	1.200,00	G36863348	1.200,00	1.000,00
A V Nosa Terra de Alcabre Modistería de dona e nenos para confección a medida	1.800,00	G36649374	1.800,00	600,00
A V San Pedro de Matamá La Unión Alimentación e nutrición	1.320,00	G36654036	900,00	900,00
A V da Vila de Bouzas Dr. José Casas de Vigo Patchwork	1.800,00	G36641033	1.800,00	600,00
A V C R San Mamed de Zamans Encaixe de bolillos	1.590,00	G36691855	1.200,00	600,00
A VV O Freixo Alfabetización para mulleres rurais Iniciación ó patronaxe industrial Cociña saudable Iniciación á ofimática financeira	1.000,00 2.500,00 1.070,00 1.300,00	G36654184	5.870,00	1.500,00

Asociación	CIF	€ Solicitan	Contía concedida
C C A R de Valladares Ocupate, conservate e divértete Actividades dinaminación sociocult Actividades formatvias	G36617082	18.650,00	1.500,00
A V O Carballo de Sárdoma Ximnasia de mantemento	G36649325	2.000,00	1.000,00

### VOCALÍAS DA MULLER NON FEDERADAS

A C do Calvario Informática e internet	G36648293	1.500,00	1.500,00
S C R D Helios Tai-Chí Pintura Ximnasia mantemento Cociña alternativa	G36633428	10.300,00	1.000,00
A Amas de Casa y Consumo Agarimo Esmalte en frío	G36821817	3.000,00	600,00
A Persoas Xordas de Vigo Alfabetización para mulleres Cociña para homes	G36622835	4.943,98	1.500,00
A Galega Amigos do Rocío de Vigo Perfeccionamento encaixe bolillos Técnicas de relaxación	G36820637	2.940,00	900,00
A Viudos Unión e Amistade de Vigo Asistencia á muller	G36715670	2.300,00	900,00
C R C de Cabral Excursión cultural a Santiago Excursión cultural a Lugo Exposición traballos das mulleres	G36658680	608,00	608,00

### OUTROS

A Gamboa Club Cultural Conferencias semanais	G36812535	3.000,00	900,00
Madres en Defensa dos Xovenes Drogodependentes MADRO Grupo autoapoio para nais Piso inserción social para mulleres	G36750651	16.390,67	600,00
A de Ayuda a la Vida AYUVI Proxecto ilusionate	G36802536	5.651,10	600,00
A Viguesa de Alcohololoxía ASVIDAL Cada nai e cada neno contaran Alcohol e violencia de xenero	G36627453	4.950,00	1.300,00
Casa de Andalucía de Vigo	G36621290	1.650,00	600,00

Taller de automaquillaxe	450,00			
Taller de automasaxe	400,00			
Taller de exercicios posturais	350,00			
Taller de reflexología podal	450,00			
Asociación		CIF	€ Solicitan	Contía concedida
A Cidadá para Prevención da Violencia ALIAR		G36844694	24.000,00	1.500,00
Atención a maltratadores/as	6.000,00			Concédese para o desenvolvemento do proxecto “Intervención en centros educativos”
Atención ás vítimas da violencia	8.000,00			
Intervención en centros educativos	10.000,00			
A Axuda ó Toxicómano ERGUETE Relaxia	3.190,00	G36642726	3.000,00	900,00
A para Síndrome de Down Educación sexual para mulleres con discapacidade psíquica	2.863,96	G36697324	1.500,00	1.500,00
Médicos do Mundo Atención as mulleres que exercen a prostitución en Vigo	27.431,46	G79408852	9.581,46	900,00
A Integración Galego-Brasileira Capoeira como exercicio físico	2.000,00	G36920288	4.000,00	900,00
Auto-estima, imaxe e vida cotiá	2.000,00			

2º.- Denegar a concesión da solicitude de subvención da Asociación Galega de Xogadores Anónimos, con CIF G.36730059, para o Programa de construción e desenrolo persoal, por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada na base Sexta, apartado 2 da convocatoria.

**9(1021).- SOLICITUDE DE D. RUBÉN JOSÉ GARDÓN VÁZQUEZ, GARDA DA POLICÍA LOCAL, DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA. EXPTE. 15925/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de pase a situación de excedencia voluntaria, de D. Rubén José Gardón Vázquez, funcionario de carreira desta Excm. Corporación municipal, con praza de garda da Policía Local e posto da mesma denominación, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 11.08.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar a D. Rubén José Gardón Vázquez, DNI 36.149.732, nº de persoal 79104, funcionario de carreira deste Concello de Vigo, con praza e posto de Garda da Policía Local, en situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, con efectos económicos e administrativos do día 13 de setembro de 2005, de conformidade co informe que antecede.

O funcionario poderá permanecer nesta situación en tanto se manteña a relación de servizos que deu orixe á mesma. Unha vez producido o cese nela, deberá solicita-lo reingreso ó servizo activo no prazo máximo de 30 días, declarándose, de non facelo, na situación de excedencia voluntaria por interese particular. Dito reingreso producirase, en todo caso, con ocasión de vacante con dotación presupostaria, de non existir vacante, permanecerá na situación de excedencia voluntaria ata tanto non se produza dita vacante.

**10(1022).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Antonio Coello Bufill.